

Os Diálogos de Paderne



Presentación do libro de Francisco Rodríguez (25 de febreiro)

Tivemos connosco en Betanzos a Francisco Rodríguez para a presentación do seu novo libro “Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza (a segunda metade do século XIV). A relevancia do Reino galego medieval”.



Presentación do libro *Lingua, poder e adolescencia*, de Miguel R. Carnota (22 de abril)

O libro, que é a versión divulgativa da tese doutoral co mesmo nome, é un estudo da biografía lingüística de dez rapazas e rapaces galegofalantes no medio lingüísticamente hostil dunha vila e un instituto do noso país. No mesmo acto contouse coa actuación do grupo de teatro **Os Quinquilláns**, que representaron sketches da súa obra *Language Planning*.



Presentación do *Libro negro da lingua galega*, de Carlos Callón (22 de xuño)

O pasado venres 22 de xuño tivemos en Betanzos a presentación do Libro negro da lingua galega, de Carlos Callón. Este traballo supón unha das novidades editoriais máis interesantes dos últimos meses en Galiza.



Presentación do libro *Recordos daquel pasado*, de Francisco Pico Pena (14 de outubro)

Francisco Pico Pena -Paco da Picota- presentou o pasado venres 14 de outubro o seu libro *Recordos daquel pasado*. O autor verte neste libro as súas lembranzas sobre a vida dun Vigo (Paderne) xa desaparecido. Un referente e unha lección para todas as persoas novas que non viviron estas realidades.



Concerto do coro *Cantá Compañía* (15 de novembro)

Dirixido pola musicóloga e soprano Julia Cea, o coro *Cantá Compañía* ofreceunos o pasado 25 de novembro un extraordinario concerto no marco inigualábel da brigantina igrexa de Santiago.



Presentación da curtametraxe *A rosa incandescente* (9 de decembro)

Co Salón Azul cheo proxectouse en Betanzos a curtametraxe *A rosa incandescente*, unha produción cinematográfica sobre a figura de Rosalía de Castro. O filme foi galardoado co primeiro premio no Aracnea Film and Book Festival de Castellaneta, Italia.

Actividades 2022

Roteiros de Primavera



.A Torre de Teodomiro (8 de maio).

O achado dos restos deste Ben de Interese Cultural polo arqueólogo Antón Malde en 2021 volta poñer de relevo o Monte do Gato como lugar a preservar.

Segredos de Labrada (22 de maio)

As excepcionais pinturas murais da igrexa de Santa María de Labrada son un dos segredos que esconde este percurso por terras de Guitiriz. Guía e comenta dinamizadora local Branca Villar.



As Desterradas de Albeos (4 de xuño)

A comezos do século XVI un grupo de monxas mantivo unha singular pelexa contra os poderes do seu tempo. Carme Varela, autora da peza teatral As desterradas (Premio Follas Noivas de Teatro 2022) e membro de O Sorriso de Daniel, guiounos nesta rota por Albeos (Crecente) e a veciña localidade minhota de Melgaço.



Moraime e as Torres do Allo (19 de xuño)

Rematamos os Roteiros de Primavera 2022 con este percurso por San Xiao de Moraime (Muxía) e as Torres do Allo (Zas), con incursións polos Muíños do Río Negro e a área natural de Pedra Vixía. Nas Torres do Allo gozamos coa magnífica guía teatralizada dos Quinquilláns.

Programa de radio, canles de YouTube e Facebook

Unha etapa estelar e conflitiva do Reino da Galiza, con Francisco Rodríguez (25 de febreiro). Entrevista realizada ao autor do libro con anterioridade á súa presentación en Betanzos.

A Torre de Teodomiro e o Monte do Gato. Entrevista en streaming con Antón Malde e Aranza González (29 de abril). Antes do roteiro do 8 de maio, Antón Malde e Aranza González interveñen nesta conversa sobre a vital importancia histórica e natural do Monte do Gato, e a necesidade de preservalo.



Segredos de Labrada e defensa contra os eólicos. Conversa con Branca Villar e Antón de Guizán (NPG) (27 de maio)

Unha zona chea de inesperados segredos artísticos, históricos e naturais atópase (tamén) en perigo pola ofensiva dos macroparques eólicos, que ameaza con estragar o que queda do mundo rural galego.

Roteiros de Outono

De Vigo a Sas, Paderne (24 de setembro)

Un novo percorrido polo inesgotábel patrimonio natural e etnográfico do Concello de Paderne, no que visitaremos experiencias revitalizadoras do rural, aprendemos sobre a historia da parroquia de Vigo a cargo de Francisco Pico Pena (autor dun recente estudo etnográfico) e visitaremos as igrexas de Vilamourel e Adragonte, co seu singular retábulo.



Revivir o Courel (8 e 9 de outubro)

Con esta actividade de fin de semana Roxín Roxal quere contribuír á recuperación do Courel, co-marca especialmente maltratada polo desastre ecolóxico deste verán, o maior incendio forestal rexistrado na historia de Galiza.



Románico en Pantón (6 de novembro)

O mosteiro de Pombeiro, o xacemento medieval do Preguntoiro e a excepcional igrexa románica de Atán son algúns dos puntos de interese desta nova andaina de Roxín Roxal pola Ribeira Sacra.



Conversa con Carlos Callón antes da presentación do Libro negro da lingua galega (22 de xullo). Carlos Callón presenta en streaming esta obra fundamental para entendermos o longo proceso de imposición do español na Galiza.

Conversa con Xesús Fraga (Virtudes e misterios) e Francisco Pico (Recordos daquel pasado) (27 de setembro). O escritor Xesús Fraga é Premio Nacional de Narrativa (2021) co seu libro Virtudes (e misterios). Xesús prorroga o libro Recordos daquel pasado, un estudo etnográfico sobre a parroquia de Vigo (Paderne), no que Roxín Roxal colabora.

Entrevista con Anxos García Fonte, guionista de A rosa incandescente (9 de decembro)

Antes da presentación en Betanzos (venres 9 ás 20:30) o xornalista Daniel Seixo entrevistou Anxos en streaming, nas nosas canles de YouTube e Facebook.

Ademais dos actos en streaming, elaboráronse os vídeos que testemuñan as actividades realizadas nos roteiros Románico en Pantón, Revivir o Courel, As Desterradas de Albeos, Segredos de Labrada, A Torre de Teodomiro e o Monte do Gato.